# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS
DATA: 8/5/2020

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | |
| Comprender o sentido xeral de textos propios da súa idade así como de preguntas e información persoal básica. | Comprende información esencial dun conto, rima ou canción así como vocabulario elemental sobre temas familiares acompañados de imaxes. |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | |
| Falar de si mesmo/a e de persoas, lugares e obxectos do seu entorno próximo ofrecendo información moi fundamental. | Fai presentacións breves previamente preparadas sobre temas cercanos (nome, idade, cor favorita, presentar a un familiar, indicar gustos). |
| Participar en conversas sinxelas con un intercambio directo de información sobre temas moi familiares. | Pregunta e responde para dar e obter información en conversas sinxelas. |
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRTIOS** | |
| Identificar o tema e comprender o sentido xeral en textos moi breves e sinxelos sobre temas coñecidos e con apoio visual. | Comprende palabras e frases sinxelas, así como a idea principal dunha historia cercana. |
| Ler en voz alta textos moi breves previamente traballados oralmente. | Le en voz alta textos moi breves previamente traballados oralmente. |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | |
| Escribir frases sinxelas e illadas, seguindo modelos, para falar de si mesmo/a, do seu entorno máis cercano e aspectos da vida cotiá. | Escribe palabras ou frases cortas respetando a estrutura gramatical e organizadas con coherencia, seguindo un modelo dado, sobre si mesmo/a ou a vida cotiá. |
| Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas. | Revisa o texto e repasa a ortografía e outros aspectos relacionados coa secuencia axeitada da frase. |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | |
| Recoñecer e usar léxico moi elemental relativo a situacións cotiás e temas habituais, familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses. | Expresa e identifica fórmulas de cortesía, saúdos, despedidas, estados de ánimo… así como o vocabulario básico necesario para participar nas interacións da aula. |
| Amosar interese por aspectos culturais relacionados cos países de fala da lingua estranxeira. | Identifica aspectos da vida cotiá dos países de fala da lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude positiva hacia eles. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Avaliación continua e global.<br>Analizaranse progresos e aprendizaxes tomando como referencia os obxectivos e as competencias clave.<br>A avaliación da fase non presencial terá como única finalidade favorecer ó alumnado. |
| **Cualificación final** | Teranse en conta principalmente os dous primeiros trimestres.<br>As actividades do último trimestre poderán ser avaliados pero só de xeito diagnóstico e sempre con valor positivo en beneficio do alumnado. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre | |
|---|---|
| **Actividades** | Tarefas globalizadoras de recuperación, repaso e reforzo cunha mínima intervención docente para afondar nas aprendizaxes traballadas durante os dous primeiros trimestres. |
| **Metodoloxía** | Uso de recursos tecnolóxicos para obter o maior proveito da metodoloxía non presencial e manter rutinas e hábitos de estudo.<br>Flexibilización do plan de traballo coidando de non penalizar o benestar do alumnado nin sobrecargalo de tarefas.<br>O obxectivo prioritario é non perder o curso, avanzar na formación. |
| **Materiais e recursos** | Fichas de traballo individual descargables así como recursos online (vídeos, páxinas web… ) accesibles dende a aula virtual do centro. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Contacto por correo electrónico e aula virtual do centro. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |